SEMINARIO DE ESTUDIOS CERAMICOS
SARGADELOS - CERVO - LUGO - TLFNO. 31

25.11.73

Sr. Don Valentín Paz-Andrade
V i g o

Querido Valentín:

Confírmote unha miña na que te agoneaba có lerio do proemio dos mariscos. Hoxe é pra outro lerio: a viuda de Antonio Baltar ten que levar pra Bs. Aires unhas pesetas, coido que un millón, da súa herencia, e anda buscando alguén que teña negocios dacó pra alá, e pensou niso voso do que estades a facer aló. Si hai algunha posibilidade ela mesma iba a falar contigo, ou facía o que ti indicases.

Eu cumplo cunha cousa que me piden. E ti non te fagas problema se non corresponde con algo que seña facilmente posible.

Prométoche que axiña baixaremos a Vigo.

Garimosos saudos a Pilar e a toda esa familia en plan de desenrolo. Apertas fortes pra ti

Paco